


U2. Un mundo de linguas

As linguas do mundo, multilingüismo e ecoloxía das linguas



As linguas agrúpanse en familias:

amerindia, indoeuropea (albanesa, armenia, baltoeslava, celta, xermánica, grega, indoiraniana e románica), **camito-semítica**, **nilosaharirana**, **nixerocongoleña**, **urálica**, **caucásica**, **altaica**, **xaponesa-coreana**, **dravídica** e outras...



Linguas románicas

galego, portugués, astur-leonés, castelán, mozárabe (✠), aragonés, catalán, occitano, retorrománico, italiano, romanés, ladino ou dolomítico (Tirol meridional), friulano (nordeste de Italia), dálmata (✠), dialectos italianos como o siciliano, napolitano, véneto, xenovés ou ligur, umbro, piemontés, calabrés, lombardo, emiliano-romañolo, abruzio, istriota...; dialectos franceses como o picardo, normando, valón etc.



2. A orixe do multilingüismo e a ecoloxía de linguas.

A **diversidade lingüística** vén orixinada porque cada sociedade humana posúe a súa maneira de se relacionar co medio, que é diverso e provoca diversidade, mais hai factores históricos e xeográficos como as conquistas, colonizacións e migracións que a favorecen.

A **globalización** tende a uniformizar, favorece a difusión planetaria de determinadas linguas (inglés) e a súa cultura.

O **supremacismo lingüístico** é unha ideoloxía que postula que só deben sobrevivir as linguas máis poderosas (as de comunidades con maior poder económico, político, cultural e militar).

Valora o carácter instrumental das linguas e non a psicosocial.



Imposible identificar lingua e estado!

- ❖ o **alemán** fálase en Alemaña, Suíza, Francia, Bélxica, Italia, Chequia, Polonia, Dinamarca...
- ❖ o **francés** utilízase en Francia, Canadá, Suíza, Bélxica, moitos países africanos (Senegal, Túnez, Marrocos, Costa de Marfín, Gabón...)



- os estados unilingües son a excepción (Islandia ou Tailandia)
- porcentaxe de diversidade de linguas:

Europa 4%

América 15%


África 31%

Asia e Pacífico 30%

Papúa e Indonesia 20%



- **a maioria dos países do mundo** vivem en situación de contacto de linguas
- o **70%** da poboación mundial **usa** polo menos **2 linguas**



Ecoloxía de linguas

- ★ contempla a relación das linguas co contorno
- ★ a riqueza de conceptos que expresan

Valoriza a linguodiversidade como un ben que a Humanidade debe preservar (igual que a biodiversidade)

Exemplo: chuvia no galego



As linguas expresan

- ★ a cosmovisión da comunidade que a fala
- ★ artefacto simbólico da identidade dun grupo

Lingua, **patrimonio
histórico e cultural**



O valor das linguas está en que son...

- ★ **expresión de identidade** persoal e colectiva
- ★ **despositarias da historia** das comunidades que as orixinaron
- ★ **contribuíntes da arte e suma do coñecemento e do saber humanos**
- ★ **obxecto de estudo e interese** en si mesmas e por comparación coas demais



As 100 palabras en
galego para designar a
choiva



1° BAC

